

ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN

Para cumprir co disposto no artigo 135.4 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, faise pública a resolución de adxudicación do procedemento negociado sen publicidade da obra "Residencia da Terceira Idade, Fase II, no concello de Cualedro", adoptado por acordo da Xunta de Goberno Local do 19 de abril de 2011, co seguinte contido:

Logo de completarse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, da obra "Residencia da Terceira Idade, Fase II, no concello de Cualedro", financiada con cargo á subvención concedida pola Deputación Provincial de Ourense, mediante resolución da Xunta de Goberno do 4 de marzo de 2011, con apertura de documentación administrativa xeral e proposicións económicas do 5 de abril de 2011, e logo de valorarse pola Xunta de Goberno Local do 7 de abril de 2011, e logo de valorarse a proposta de adxudicación que fixo a Mesa de contratación a favor de Construcciones A Portela, S.C.L., a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións previstas na Disposición Adicional 2ª da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, por unanimidade, ACORDA:

Primero.- Adxudicar a execución destas obras á empresa Construcciones A Portela, S.C.L., por un importe de 149.500,00 euros (IVE e demais tributos incluídos), por ser a oferta máis vantaxosa, xa que o prezo ofertado polos candidatos presentados foi o seguinte:

- Oferta núm. 3, de Orega, Construcciones y Servicios, que ofrece un prezo de cento cincuenta mil euros (150.000,00 €), IVE incluído.
- Oferta núm. 2, de Construcciones Hermanos Carrajo S.A., que ofrece un prezo de cento corenta e nove mil oitocentos euros (149.800,00 €), IVE incluído.
- Oferta núm. 1, de Construcciones A Portela, S.C.L., que ofrece un prezo de cento corenta e nove mil cincocentos euros (149.500,00 €), IVE incluído.

Segundo.- Notificarlle este acordo aos licitadores que se presentaron e publicalo no perfil do contratante.

Terceiro.- Requirir ao adxudicatario para que formalice o contrato no prazo dos quince días hábiles seguintes a aquel no que reciba a notificación da adxudicación (artigo 140 da LCSP).

Cualedro, 19 de abril de 2011

O alcalde,

Luciano Rivero Cuquejo